



## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ENSEÑANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS**

### **ARTIGO 1.—CONCEPTO**

Consideraranse Servizos abranguidos no ámbito de aplicación desta ordenanza os cursos, ensinanzas e actividades que organice o Concello no exercicio das súas competencias nas que se establezan dereitos de matrícula.

### **ARTIGO 2.—OBRIGADOS O PAGAMENTO**

Están obrigados ó pagamento destes prezos públicos os alumnos que se matriculen nos cursos, e de non teren maioría de idade ou non estaren emancipados serán contribuíntes os seus pais, titores ou representantes legais.

### **ARTIGO 3.—CONTÍA**

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

- a) Cursos organizados na área dos Servizos Sociais e Ensino do Concello: A cota será a resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles, podendo reducirse a mesma ou ser gratuíto segundo informe dos Servizos Sociais atendendo as características de cada curso ou actividade.
- b) Cursos organizados na área de fomento de Emprego do Concello: A cota será a resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles, podendo reducirse a mesma ou ser gratuíto segundo informe do departamento de fomento de Emprego do Concello atendendo as características de cada curso ou actividade.
- c) Outros cursos ou actividades organizados polo Concello: A cota será a resultante de dividir o custo total do curso entre o número máximo de inscricións admisibles e fixarase no acto administrativo regulador da convocatoria. Establecerase unha reserva de prazas dun 10% para os Servizos Sociais do Concello, podendo neste caso minorarse a cota do curso ata a súa gratuidade.

No suposto de recibirse financiamento externo para algún curso ou actividade o custo reducirase nese importe.

### **ARTIGO 4.—OBRIGA DE PAGAMENTO**

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para o curso ou actividade da que se trate.



CONCELLO DE REDONDELA

2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse dunha soa vez ó realizala inscrición.

No caso de existir mensualidades deberán satisfacerse nos 10 primeiros días de cada mes mediante domiciliación. O réxime concreto de pago de cada curso fixarase no acto administrativo regulador da convocatoria, previa comunicación á Tesourería municipal. Os interesados recibirán xustificantes de pagamento.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derrogada calquera outra disposición contida nas ordenanzas do Concello de Redondela que contraveña o contido desta Ordenanza.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza se publicará no Boletín Oficial da Provincia entrando en vigor segundo a normativa de aplicación, comezando a súa aplicación e permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza unicamente poderá interperse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP nº 13 do 18.01.2013
- BOP nº 54 do 19.03.2014